

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DECEMBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de decembro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 18 de Decembro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS DE PARCELACIÓN

“Vista a solicitude, de data 27 de Outubro de 2006, presentada por don Modesto Pontes Sánchez, en representación de “**CONSTRUCCIONES PLAZUELA S.A.**”, con domicilio na rúa Xoán XXIII, nº 3, 7ºG, Ourense, na que interesa a concesión de licenza de reparcelación de fincas sitas na avda. de Redondela-Estrada de Francelos (Ref.. Catastral 04.18.910 e 13).

Visto o informe do técnico municipal, de data 19 de decembro de 2006 e a documentación técnica, Proxecto de Reparcelación C-325R, redactada polos arquitectos Don Luís A. Chao Gómez e Don Pablo Chao Amaro, con visado colexial de data 1 de xuño de 2006.

Tendo en conta que a reparcelación voluntaria xustifica o sinalado no punto 4.1.4.2 das condicións de urbanización da Ordenanza 4.1, R.C. (Residencial Cerrada), así como o sinalado no artigo 204 e ss. da L.O.U.G.A..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA CONCEDER A LICENZA DE REPARCELACIÓN solicitada en base os informes e proxecto de Reparcelación voluntaria con visado 1 de xuño de 2006 obrante no expediente.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Expte: 23/10/2006/4914-CU/342: Vista a solicitude de **Don José Luis Raña Cuña**, con domicilio na rúa Ramal nº 16, Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na rúa Ramal nº 22 (Ref. Catastral: 96.11.6-20), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 20.12.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, supeditando a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. modificada por la Lei 15/2004, de 29 de decembro.

As NNSSM, sinalan no punto 4.10.2 da **NORMATIVA URBANÍSTICA II PRESCRIPCIÓN DE ORDENACIÓN ESPECÍFICAS.**

Sínálase para Francelos como figura de desenvolvemento un PERI como estudio diferenciado.

O seu ámbito territorial sínálase no plano correspondente das NNSSM.

A Ordenanza CU, **CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER 4.8.** A súa consideración será á efectos de fixar criterio do propio elemento de desenvolvemento (PERI) sen dispoñer en forma precisa, de alienacións, rasantes, aproveitamentos, pormenores estéticos por área etc. condicións que corresponderán á figura do PERI, tramitado en forma regulamentaria.

No propio expediente constarán as razóns e situación administrativa do PERI.

1. Segundo as NNSSM,al área de Francelos encontrase en zona de Conservación Parcial de Carácter en referencia á Ordenanza 4.8 C.U., **CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER.** Con asignación de trama propia en “LENDAS”Organización Espacial de Ribadavia, en correspondencia coa Cartografía Oficial a Escala 1: 2.000.
 - a. A Ordenanza 4.8 non precisa a tipoloxía de posición, senón que sinala unha das opcións reais “xeralmente en ordenación cerrada con patios interiores”.
2. A previsión do PERI, establece a Categoría A-III, opción na que establecen a ordenación cerrada.
3. A vivenda sobre a que se pretende actuar, está situada en tipoloxía aberta.
4. Ante esta situación de posible contradición, estarase ao que sinala o Art. 104, Adaptación ao ambiente, como **NORMAS de APLICACIÓN DIRECTA da LOUGA.**
5. Deberá aportar anteproxecto en forma regulamentaria, según o sinalado no Art.104 da LOUGA.
6. Axúntase co presente informe:

- a. Art. 104 da LOUGA.
- b. Plano NNSSM, E 1: 2.000”.

Expte: 12/12/2006/5672-CU/391: Vista a solicitude de **Dona Carmen Meiriño Alonso**, con domicilio na rúa Piñeiral nº 9, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na rúa San Lázaro (Ref. Catastral: 06.18.3-02), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 20.12.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993. Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela con Referencia Catastral 06.18.3-02 da fronte á Rúa San Lázaro, e é colindante coa Capela de San Lázaro.
2. O planeamento urbanístico actual, NNSSM e figura derivada E.D. Francelos Travesía, non está adaptado á LOUGA.
 - a. Corresponde a Solo Urbano, regulado por a Ordenanza R.C. 14.1 RESIDENCIAL CERRADA e 14.2 ESPAZO LIBRE.
3. Xestión, establecece en “15 Xestión”, Páx. 12 del E.D, debéndose axustar ao previsto por a LOUGA.
4. A área onde se encontra enclavada a parcela, corresponde a Solo Urbano, cunha malla urbana, definida non colindante coa actual.
 - a. Por o que consecuentemente, é Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano Non Consolidado, da LOUGA.
5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orden Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE Nº 1187.
6. O ámbito de demarcación territorial, unidade de execución ou de actuación, establecerase según sinala o Art. 117, abarcando a maza na súa totalidade según o vial perimetral previsto.
7. Axúntase co presente informe:

7.1 Ordenanza 14.1, R.C. E.D.

7.2 Plano E.D., E 1: 500”.

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito de Don Jesús Márquez Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente nº 5, 1º, no que interesa o cambio de titularidade da sepultura terrena nº 168T do cementerio municipal que ata agora estaba a nome de Don Manuel Jorge Juste Rodríguez, e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta o consentimento do anterior titular, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data a devandita sepultura xirará a nome de Don Jesús Márquez Rodríguez, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

Da Dirección Xeral de Protección Civil, Resolución de data 18 de decembro pasado, concedendo unha subvención destiada a sufragar gastos extraordinarios pro mor da vaga de lumes que asolou Galicia durante os días 4 ó 14 de agosto do presente ano, por importe de 7.701,90 euros.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DE OBRA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a factura e certificación número 1 da obra denominada “Pavimentación dos Viais de Acceso as V.P.A. de San Paio”, por un importe total de 29.979,63 euros, os efectos de xustificar a subvención concedida o abeiro do Convenio de Colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 1 da obra denominada “Mellora no Contorno de acceso ó Centro Social San Cristovo”, por un importe total de 16.482,87 euros, os efectos de xustificar a subvención concedida pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar”.

APROBACION DE PRESUPOSTO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o presuposto presentado pola empresa Orbugas S.L., para a instalación da canalización de gas na rúa Merelles Caúla, por importe de 6.048,24 euros.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº5/06.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 5 /06, por importe de 39.600 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.